Continua o Sr. Alcalde facendo un resumen da situación nun idioma que todos podan entender sobre como estaba o concello a principios do ano 2007.

Deuda a cuota municipal das Conchas non se pagaba dende o ano 1995, pagándose no ano 2007 a Muiños 42.203,94 €

Pasivos financeiros: Se ten un préstamo a longo prazo de 244.900 do que devengamos intereses e que non entrara en fase de amortización e outro préstamo de 62.389,61 do que si se pagan amortizacións.

Se tiña unha operación de tesorería de 90.000 que houbo que cancelar e se tivo que pagar 5.000 para elo, tamen se ten un aval bancario de 424 €

Existen facturas de recoñecemento extraxudicial do ano 2007 por 107.514,14 € e facturas de anos anteriores por importe de 197.133,86

Temos unha deuda pendente coa Deputación Provincial de 29.592,64 €

Durante o ano pasado cortaron o suministro de combustible e tivemos que facer fronte ao pago de factura anteriores, se pagou a Muiños 43.203,94 € e 107.514,14 de facturas de exercicios anteriores que foron a recoñecemento extraxudicial

Tamen se recibe de herencia tres asuntos xudiciais que implican para o Concello os seguintes importes:

Por unha traballadora que se contratou en substitución dunha funcionaria son 17.000€ de indemnización.

A indemnización dunha vivenda que hai que demoler é de 70.000

O pago do letrado do Sr Secretario-Interventor anterior asciende a 19.000

Quedan pendentes de pago obrigacións por importe de 306.299,45

Estas cantidades fan unha suma de 1.150.932, ao que hai que sumar 142.725,14 de facturas do ano 2007.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, pregunta ós/ás concelleiros/as se queren facer algunha observación respecto a esta dación en conta.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González indica que hai que recoñecer que o alcalde debe aclarar onde está o diñeiro, queda claro que non había control nos exercicios anteriores e considera que debe darse traslado aos órganos competentes e nos próximos orzamentos deba contratar a dúas persoas que investiguen onde foi o diñeiro.

PUNTO CINCO: EXPEDIENTE: 2008/050. I PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DO CONCELLO DE LOBIOS.

Toma a a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, para explicar que é un documento que tiveron oportunidades de ver que responde a liña de planificación que se leva a cabo dende o departamento de servizos sociais. Continua dicindo que é un plan que se aplica en distintos concellos de todo o país e o obxectivo é equiparar a igualdade de oportunidades entre sexo. Este plan nos permite acceder a unha chea de accións que por medio da Xunta se plasmaran coa posta en marcha de accións formativas e de traballo, dirixidas a mulleres porque permite optar a bolsa de emprego que se esta creando.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista pregunta se ten transcendencia economica para o Concello.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, responde que non, que non se recolle ningun tipo de compromiso financiero, os custes serian ao 100% a coste de Presidencia.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vazquez Vazquez, indica que o documento non se viu, e pide a Sr Secretaria que cando se envie a documentacion se remita copia para leelo con tranquilidade.

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, responde que a documentacion está expuesta pero remitir toda a documentacion non é posible.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vazquez Vazquez, indica que o articulo 80 punto 2º do RD2568/1986 recolle que “..a la convocatoria de las sesiones se acompañara el orden del dia comprensivos de los asuntos a tratar con el suficiente detalle..” co enviaado non se é capaz de saber de que se trata, e se chega o sabado e a porta esta pechada ata o Pleno.

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, responde que estan dispostos a facilitar a documentacion, sempre se convirte nunha novidade que ata agora non estaba establecido hai temas que ata o ultimo momento no se ten a documentacion.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vazquez Vazquez, indica que non considera todos os documentos, pero si algun para tener algo de idea do que se va a tratar.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que independentemente do envio da documentacion, o que se recolle é o de cualquier plan de igualdade lineal de fomento de igualdade entre homes e mulleres, e independentemente de que é abanico para a xente de benestar social, se convirte nun documento clave para solicitar axudas, continua decindo que non sabia que non habian pasado a velo, seria positivo para Lobios que se aprobase, e se hai que leelo se lee. Basicamente e independentemente do fondo nos permite acceder a axudas e cursos que doutra maneira non se pode acceder que supoñen unha cantidade de 10.000 € de ingresos.

Sometida a aprobacion o Plan de igualdade de oportunidades do Concello de Lobios a votación, resultou aprobada por maioría absoluta co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodriguez Broullon, Fernández Simo, Carballo Suárez (seis votos a favor).

ABSTENCIONS: Sres./as. Yáñez Salgado, Vazquez Vazquez, Estévez González , González González e Veloso Gonzalez (cinco abstencións)

PUNTO SEXTO: PETICION DE ASOCIACION MUSICAL E CULTURAL BAIXA LIMIA

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, indicando que xa hai tempo se solicitara a desafectación dunha casa da escola , e houbo problemas con respecto á desafectación, agora se volveu a reclamar a desafectación e a directora do colexio aceptou a desafectación sempre que teña fins culturais, e a Delegada de educación aceptou coas condicións que puxo a directora. Na prensa saíu a casa do medico que é inviable porque é un proxecto do Obradoiro, parece ser que as Consellerías do Bloque obtiveron unha subvención de 20.000 € para mellorar a casa do medico, pero a banda non lle interesa a casa de medico, lle interesa a escola.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que a banda pode optar a unha axuda da Consellería de Cultura de 20.000 € para destinar a fins culturais, e a casa da escola era a primeira opción, pero como a Consellería de educación non daba cedido a escola se pensou no galpón da casa do medico, pero este era insuficiente.



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, indicando que se teñen as autorizacións para a cesión da casa da escola, pero que debe o Concello comprometerse a arranxar a outra casa da escola en condicións de habitabilidade.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que a axuda é para a banda de gaitas, non para educación.

Toma a a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista e pregunta si se pode conseguir a subvención de 20.000€.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, resposta que si, pero o que se pide é unha cesión á banda e ten que vir ao Pleno, e a banda precisa o acordo para pedir a subvención.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que a desafectación que se pediu hai catro anos non se puido dar porque era preciso o informe da directora do colexio e este fora desfavorable, pero agora están de acordo en ceder a cas do medico sempre que se poda ceder.

Toma a a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista indicando que a banda quere a casa da escola.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vazquez Vazquez, indica que esta non se pode ceder.

Toma a a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista indicando que xa teñen o informe favorable da directora e aceptan co condicionante de restaurar unha das casas e se pode usar o diñeiro da subvención para isto.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, resposta que a cantidade da subvención se debe usar para arranxar o ben que se use, non poden conseguir unha axuda e que se beneficie a Consellería de Educación, hai que traballar con eles a condición.

Toma a a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista e indica que queda pendente para o próximo Pleno.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que debe solucionarse o problema da condición e traer traballado o punto.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vazquez Vazquez, indica que se pode ceder coa salvedade de que se teñan os cartos.

Toma a a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista e indica que terá que pasar por informe técnico preceptivo, e que se cedera se consegue a subvención.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González indica que unha asociación non ten animo de lucro e se hai unha subvención a favor da banda, el votaría a favor da cesión.

Toma a a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista e indica que queda pendente para o próximo Pleno.

PUNTO SEPTIMO: DECRETOS DE ALCALDIA DESDE O ULTIMO PLENO ORDINARIO ATA O 30/04/08

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, pregunta ós/ás concelleiros/as se queren facer algunha observación respecto a esta dación en conta, respostando que non e dándose por enterados.

PUNTO OITAVO: MOCIONS DOS GRUPOS POLITICOS



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

-Registro de Entrada nº 948 de data 14 de maio de 2008: Moción presentada polo Partido Popular

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vazquez Vazquez, fai un resumo da moción que se transcribe integramente.

“Benito Vázquez portavoz de Grupo Popular, ó abeiro do disposto nos artigos 91 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presento a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno polo trámite de Urxencia.

Xustificación da urxencia.

O pasado día 17 de abril entraron en vigor as Normas do Hábitat Galego, aprobadas por Decreto da Xunta de Galicia o 17 de xaneiro. Todos os sectores implicados están manifestando a súa oposición e adiantando os efectos negativos da mesma. Co obxectivo de evitalos o Grupo Municipal Popular presenta esta iniciativa para o seu debate no Pleno deste Concello de Lobios.

Exposición de Motivos.

As Normas do Hábitat Galego que ven de aprobar o Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Vivenda e Solo, pretenden marcar as calidades mínimas coas que se deben construír as novas vivendas.

Estas normas substitúen o actual Decreto de Habitabilidade do ano 1992 e recollen todos os parámetros de cómo deben construírse as vivendas en Galicia, sexan protexidas ou de prezo libre.

Estando de acordo co obxectivo da mellora das condicións das vivendas, en canto supoñan a mellora das condicións de vida dos cidadáns, sen embargo, o Decreto de habitabilidade aprobado pola Xunta de Galicia, na súa actual redacción, presenta moitos aspectos que, aplicados na práctica, suporán evidentes perxuízos para os veciños.

Por suposto, o PP DE G , está a favor de todas aquelas medidas que supoñan un aumento da calidade da vivenda e do habitar dos veciños, pero precisamente por iso, entende que este obxectivo se debe perseguir baseándose na obxectividade e no rigor e non mediante normas improvisadas que suscitan o rexeitamento xeral

A Constitución Española garantiza a autonomía dos municipios para a xestión dos seus respectivos intereses. Sen embargo, as normas do Hábitat galego aprobadas, supoñen unha inxerencia e un ataque a autonomía local, toda vez que, según teñen manifestado xa moitos técnicos independentes, poderían chegar a colisionar mesmo cos Plans de Ordenación Municipal. Trátase, en consecuencia, dunha norma claramente intervencionista.

A día de hoxe, todos os sectores implicados manifestan a súa preocupación polos efectos: negativos que se derivarían da súa inmediata entrada en vigor: invasión na autonomía municipal, encarecemento dos prezos das vivendas de ata un 30%, parálise dos planeamentos en redacción (nomeadamente para os concellos que os estén a tramitar, exceso de reglamentación, discrecionalidade da Consellería de Vivenda para eximir do cumprimento da norma, etc..

Boa mostra da preocupación xerada por este Decreto é a saturación que, desde a publicación do mesmo, están sufrindo os sevizos urbanísticos dos concellos galegos, recibindo un “ aluvión ” de solicitudes de licencia de construción antes da súa entrada en vigor.

Trátase dunhas Normas, que como advirte o Consello Consultivo de Galicia nos dous ditames emitidos invaden competencias que non son propias da Consellería de Vivenda e Solo, ademais de que pola súa imprecisión e ambigüidade xerarían inseguridade xurídica.

Os informes elaborados polos axentes implicados son contrarios ao texto aprobado pola Xunta de Galicia, de aí a preocupación que neste Grupo Municipal recolleemos de todos e cada un deles. A FEGAMP ven de recoñecer explicitamente que as normas en cuestión invaden as competencias da administración local.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Considerando, que estamos inmersos nunha crise económica profunda que repercute en todos os sectores produtivos, o CONCELLO DE LOBIOS, veríase claramente perxudicado pola aplicación deste decreto. Os primeiros perxudicados serían os propios veciños que sufrirían un aumento do prezo das vivendas e que logo abarcaría ao conxunto da actividade económica coa conseguinte paralización dos sectores económicos esenciais.

Asimesmo a aplicación do decreto afectaría negativamente na recaudación municipal e consecuentemente frearía a capacidade prestadora de servizos deste concello.

Por todo o anterior o Pleno do Concello de Lobios insta a Xunta de Galicia a.

1. Derogar o actual Decreto das Normas do Hábitat Galego co fin de elaborar outra norma que naza froito do consenso coas forzas políticas e sociais, as administracións locais, nomeadamente coa FEGAMP, e os sectores, empresariais e profesionais afectados, e que permita garantir unha mellor calidade de vida dos cidadáns e non dificulte o desenvolvemento urbano e urbanístico dos concellos galegos.
2. Remitir este acordo ao Presidente de Xunta de Galicia, á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, á Fegamp e ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

Lobios 14-maio-08”

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que o seu partido esta profundamente en contra do manifestado polo voceiro do P P,e co o único co que están de acordo é que mellora a vida dos cidadáns, continua decindo que hai dúas maneiras de facer política, económica ou social, e que comparte a decisión adoptada pola Xunta que vai mellorar a calidade mínima dos galegos/as e fixa un incremento mínimo de medidas , fixa unhas condicións mínimas de habitabilidade e por iso entenden que é unha decisión mais que beneficiosa que pensa nos intereses xerais dos galegos, e por iso o seu voto será en contra da moción.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vazquez Vázquez, responde que non é así e que mesmo o Consello Consultivo da Xunta se manifestou en contra porque as vivendas xa son dignas e cumpren uns condicionantes que fan que o hábitat sexa bo, pero con este documento non todo o mundo se pode facer unha vivenda porque supón un incremento do custo e vai en contra dos Plans e incluso da Fegamp.

Toma a a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista e indica que o seu grupo, logo de estudar a lei , de ver as particularidades da Fegamp que non o desaproba totalmente, pero que ten asuntos negativos, se absterán.

Sometida a votación a presente moción, resultou aprobada por maioría simple co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Yáñez Salgado, Vazquez Vazquez, Estévez González ,e González González (catro votos a favor)

VOTOS EN CONTRA: Sres./as Fernández Simo,e Carballo Suárez (dous votos en contra)

ABSTENCIONS: Sres./as Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullon e Veloso Gonzalez (seis abstencións).

-Registro de Entrada nº 1066 de data 26 de maio de 2008: Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG para uns servizos sanitarios dignos

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, fai un resumo da moción que se transcribe integramente.

“Jesús Deibe Fernández Simo, portavoz do BNG de Lobios, e Cayetano Carballo Suárez na condición de concelleiro, ambos membros do grupo municipal do BNG presentan para o seu debate e posterior votación no vindeiro pleno ordinario a seguinte:



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A situación da atención sanitaria no noso concello é a día de hoxe temendamente deficitaria e a todas luces no garante un servizo xunsto e digno para os nosos veciños. A inexistencia dun servizo de urxencias próximo imposibilita que se poida falar dun servizo real de atención de urxencias médicas. Neste senso vulnerase a lexislación sanitaria de referencia a cal afirma que os servizos médicos deben de estar próximos aos potenciais usuarios . Ao mesmo tempo vulnerase a igualdade de dereitos á hora de recibir prestacións de acceso universal e gratuito como é o caso da sanidade xa que os nosos veciños están claramente discriminados en comparación cos do resto de Galicia.

Por outra banda parécenos intolerable e inamisible a postura da Consellería de Sanidade a cal non toma ningunha medida con intención de corrixir a gravísima situación actual co agravante de aparecer en xornais afirmando que non hai pensado realizar ningún cambio.

A situación das urxencias sumase a inexistencia doutros servizos como os de atención pediátrica. É incomprendible que no concello da comarca que hai máis nenos non veña nin unha soa vez á semana un pediatra a atender ós pequenos. A situación debemos calificarla de tremendamente grave, inxusta e intolerable en pleno século XXI e noso punto de vista a actuación dos responsables da consellería e dende todos os puntos de vista inadmisibles.

Por este motivo o Grupo Municipal do BNG solicita a adopción dos seguintes:

ACORDOS:

1. Declaración institucional do pleno apoiando o texto da presente moción esixindo unha solución inmediata á actual situación.
2. Esixir á Consellería de Sanidade que no prazo dun mes anuncie publicamente as seguintes medidas correctoras:
 - Compromiso de implación das Gardas médicas.
 - Visita dun pediatra polo menos dúas veces por semana ó noso centro de saúde.
3. Apoiar todas as iniciativas que no senso da consecución dos mencionados obxectivos se plantean por parte do tecido asociativo que se concretan no apoio a unha manifestación a celebrar no caso de que sanidade non varíe na súa actual postura.
4. Colocar antes dunha semana dende a toma do presente acordo unha pancarta de apoio ás mencionadas demandas no ventanal da fachada principal do concello co texto “ Temos dereito. Servizos médicos dignos próximos os veciños”.

En Lobios a 23-maio-08”

Unha vez exposto o texto o Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que non vai a contestar.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González indica que a zona de Lobios , pobo alexado dun hospital e de centros é de sentido común que veñan os servizos coa máxima urxencia. Continua decindo que se debe ter unha reunión e que posteriormente o Sr Alcalde fale coa Consellería e se resolvan estes problemas, pero que contén cos outros representantes porque todos queren un servizo digno.

Toma a a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista e indica que todos están de acordo e por iso iniciou os tramites para traer as Conchas no PAC, pero esto se politizou dunha forma que impediu traelo, pero todos están na liña de conseguir uns medios sanitarios dignos. Continua decindo que ten coñecemento polo portavoz de Bloque de que había solicitude dun pediatra porque non tiña coñecemento nin por escrito nin verbal, e o tema do PAC esta na Xunta e calquera mobilización resta negociación. Continua coa lectura dunha enmienda transaccional:



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

“Emenda transaccional que presenta o Grupo Municipal de PSDG PSOE, a moción “ Moción peticionando uns servizos sanitarios dignos” presentada polo BNG ao Concello de Lobios, con o obxecto de que sexa considerada polo Pleno Municipal.

Tendo en conta que a Consellería de Sanidade, na persoa do Delegado de Sanidade de Ourense se ofreceu reitaradamente unha entrevista con os colectivos que o solicitaran para tratar dos puntos que se expoñen na Moción sen obter resposta; e tendo en conta para a visita periódica de un pediatra.

Propomos a seguinte emenada transaccional dos puntos 1,2,3 e 4 dos ACORDOS da Moción, e substituílos polo seguinte texto:

“ En aras de mellorar as condicións sanitarias do Concello de Lobios, solicitar da Consellería de Sanidade un interlocutor da Consellería, e crear para ese fin unha mesa de negociación, constituída por un representante de cada partido e outro por parte dos colectivos que o soliciten”.

Lobios, 31 de maio de 2008.”

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vazquez Vazquez, indica que a negociación do PAC foi iniciado polo anterior grupo de goberno, continua decindo que lle parece ben a substitución.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, pregunta se se suprimen os catro puntos da moción e poñen o punto da emenda, continua decindo que nesa emenda se propón a constitución dunha mesa de negociación e a súa moción esixe unha solución inmediata no prazo de dous meses, indica que coa simple presentación se conseguiu mover ficha en Sanidade, hai dous formas de actuar, e unha é decindo que se ten razón independentemente das insufribles presións que sufrimos.

Toma a a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista e pregunta por parte de quen recibe presións.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica quere medidas legais xa, sanidade esta incumplindo unha legalidade porque non cumpre cos dereitos básicos mínimos e necesarios. Continua decindo que aceptan a idea pero poñendo prazos.

Toma a a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista e indica que se hai argumentos e hai un interlocutor por que non conseguir unha negociación, que é o que se busca, continua decindo que por parte de Sanidade hai oferta para vir a dialogar, pero levar presións previas, non é o camiño a seguir.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vazquez Vazquez, indica que non lle queda claro o que se vai votar, están de acordo coa moción pero se se suprime o carto punto.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que se manteñan os tres puntos da moción e se inclúa como carto punto a emenda.

Concedida a palabra ó Sr. Paz León, indica que nadie interprete que o PP e o PSOE están en contra, nin o PP nin o PSOE nin nadie de Lobios esta en contra, so que non están de acordo coas formas.

Sometida a votación, resultou aprobado o seguinte acordo por unanimidade dos membros:

Acordo:

1. Declaración institucional do pleno apoiando o texto da presente moción esixindo unha solución inmediata á actual situación.
2. Esixir á Consellería de Sanidade que no prazo dun mes anuncie publicamente as seguintes medidas correctoras:
 - Compromiso de implación das Gardas médicas.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

- Visita dun pediatra polo menos dúas veces por semana ó noso centro de saúde.
- 3. Apoiar todas as iniciativas que no senso da consecución dos mencionados obxectivos se plantean por parte do tecido asociativo que se concretan no apoio a unha manifestación a celebrar no caso de que sanidade non varíe na súa actual postura.
- 4. En aras de mellorar as condicións sanitrias do Concello de Lobios, solicitar da Consellería de Sanidade un interlocutor da Consellería, e crear para ese fin unha mesa de negociación, constituída por un representante de cada partido e outro por parte dos colectivos que o soliciten

VOTOS A FAVOR: Sres./as Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullon, Yáñez Salgado, Vazquez Vazquez, Estévez González ,e González González, Fernández Simo,e Carballo Suárez e Veloso González. (once votos a favor)

-Rexistro de Entrada nº 1090 de data 27 de maio de 2008: Moción presentada polo Partido Socialista.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista e fai un resumo da moción que se transcribe integramente.

“Don José Lamela Bautista, portavoz socialista no concello de Lobios, en base ó previsto no artigo 46 da Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta a seguinte MOCIÓN DE APOÍO O TRASLADO DOS CURSOS DE ESO DESDE O I.E.S. DE BANDE O C.E.I.P. O Xurés-LOBIOS OU O C.E.I.P. DE ENTRIMO, para que sexa incluída na orde do día do vindeiro pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Por parte das persoas que compoñen as Xuntas Directivas das asociacións de pais dos colexios de Entrimo e Lobios, conxuntamente ca maioría dos pais dos dous concellos e da práctica totalidade das institucións locais, considérase imprescindible trasladar os nenos da ESO dos dous concellos, dende o I.E.S. de Bande a calquera dos nosos centros.

En algúns casos, os nenos dos nosos pobos teñan que percorrer ata 80 km para acudir o colexio a Bande, polo que dende os 11 anos están obrigados a levantarse as 6.45 h. a facer esperas e a viaxar durante perto de 1 hora en autobuses por pequenas estradas, o que incide negativamente no rendemento escolar dos alumnos, xa que excomezan as clases xa cansados pola viaxe.

Faise difícil entender que nos nenos teñan que sufrir esta situación cando, tanto o colexio de lobios coma o de Entrimo, teñen unhas excelentes instalacións hoxe infrutilizadas e que son perfectamente adecuadas para que os nosos alumnos poidan cursar a ESO no seu pobo.

Podemos ter en conta outro factor importante, coma o novo mapa poboacional da comarca, en que Lobios pasa a ter mais habitantes que Bande, o que, xunto con o cálculo ponderado de percorridos totais das localidades da Baixa Limia, nos leva a situar en Lobios o ratio poboacional mais idóneo, eficaz, e en que se investiría menos tempo para chegar dende calquera dos lugares da comarca, a calquera servizo público que a puidera ubicarse (Centro de Día, PAC, ETC).

En consecuencia e por todo o anteriormente exposto o Grupo Socialista propón que se adopte o seguinte ACORDO:

O Pleno acorda solicitar a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como a Delegación Provincial de Ourense, a modificación do mapa escolar da Baixa Limia, e en consecuencia, o traslado dos nenos da ESO dos dous Concellos de Lobios e de Entrimo, dende o I.E.S. de Bande a calquera dos nosos centros.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

En Ourense, a 26 de maio de 2008.”

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González indica que é bo para todos, pero que veña a Lobios.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que vota a favor pero afirmando Lobios como lugar ao que vir.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vazquez Vazquez, indica o mesmo.

Sometida a votación a presente moción, resultou aprobada por unanimidade dos membros:

VOTOS A FAVOR: Sres./as Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullon, Yáñez Salgado, Vazquez Vazquez, Estévez González ,e González González, Fernández Simo,e Carballo Suárez e Veloso González. (once votos a favor)

PUNTO NOVENO: ROGOS E PREGUNTAS

Concedida a palabra ó Sr. Estévez González,fai os seguintes rogos e preguntas:

.-Pregunta sobre uns pozos que están en Silvares e que non poden entrar a medir.

Responde o Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo que a interpretación que fai a lei é rotunda e que en todo o que pase de 1,2 ten que estar sellado.

.-Solicita ver o proxecto da levada de Mísela.

.-Pregunta sobre o expediente do Baloiro sobre a tala de arbores.

O Sr Alcalde- Presidente responde que se lle contestara no próximo Pleno.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, pregunta sobre que vai pasar coas augas de Riocaldo publicas para os veciños.

O Sr Alcalde- Presidente responde que tivo o martes unha reunión coa Fundación San Rosendo, co Subdelegado de goberno e co Delegado da Confederación Hidrográfica, e a situación que hai é que se vai crear a Confederación Hidrográfica do Miño polo que se decidiu actuar por unha vía técnica e facer un informe técnico favorable e mandar a documentación para unha visita de Presidencia que espera se produza a próxima semana.

E non habendo mais asuntos que tratar o Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo a unha hora e vinte minutos do día anteriormente sinalado, do que eu como secretaria dou fe.

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: José Lamela Bautista

Asdo.: Laura Fernández Permy